



# Boletín de Medio Ambiente



## Sendeiro de Visantoña

**Concello:** pasa polos concellos de Arzúa e Santiso, compartindo parte do Camiño de Santiago francés.

**Características:** trátase dunha ruta catalogada coma PR-G 125 e ten unha lonxitude de 14,48 km, cunha dificultade baixa, tárdase en percorrer unhas catro horas aproximadamente.

**Curiosidades:** entre os seus monumentos de interese constan varios castros. O Castro de Seoané, en Visantoña, as Mámoas do Ribeiro, Pazó do Ribeiro, Muíños do Tajo, Castro de Vilar de Ferreiros, Pazo de Vilar de Ferreiros, Visantoña e o embalse de Portodemouros.

## Noticias

### Presentación de Gelula, unha boia que xerará enerxía en Langosteira

A próxima semana colocarse no parque experimental de Punta Langosteira a boia 'Gelula', unha baliza deseñada e fabricada en Vigo que xera enerxía eléctrica a partir do movemento das ondas. Mide 17 metros e pesa 11 toneladas, ten unha potencia de 25 quilowatts, o equivalente a xerar a electricidade que consumen 12 vivendas a pleno rendemento. Si o prototipo funciona correctamente, preténdese comercializar unha boia con capacidade de 500.

O desenvolvemento do proxecto requiriu un investimento de 1,8 millóns de euros, dos que un millón proveñen do programa Life da Unión Europea.

Fonte: COPE

### 80 bolsas de plástico no estómago dunha balea

Unha balea piloto morre tras ser encontrada flotando inerte e incapaz de nadar na canle de Songhkla, no sur de Tailandia, a finais do mes de maio.

Voluntarios e veterinarios mariños do Departamento de Recursos Mariños e Costeiros tentaron rescatala pero faleceu por mor dunha obstrución intestinal.

A autopsia revelou que tiña aloxadas no estómago 80 bolsas de plástico, cun peso de oito quilos. Antes de morrer expulsou pola boca cinco bolsas de plástico entre espasmos. Greenpeace denunciou que oito millóns de toneladas de lixo van parar todos anos aos océanos.

Fonte: ABC

## Países que xestionan ben os bosques

Hai máis de 20 países que conseguiron facer unha xestión sustentable exemplar dos seus bosques e que, a ollos da FAO, son casos de éxito. Estes son algúns deles:

Costa Rica apenas representa 1% do territorio do planeta pero alberga o 4% de toda a biodiversidade coñecida no mundo. Posúe bosque seco, páramo, bosque húmido, selva virxe e manglar, repartidos en 169 áreas protexidas. Pero entre a década dos '50 e os '90 sufriu unha das deforestacións máis graves da historia. O Goberno decretou medidas conservacionistas conseguindo un aumento do 54% da superficie forestal, converténdose no único país centroamericano que fixo crecer os seus bosques neste século.

En Osorno, Chile, nove comunidades indíxenas uníronse para explotar de maneira sustentable os seus recursos naturais. A través do ecoturismo, a agricultura de subsistencia e a produción de tejuelas aproveitando as árbores mortas dos bosques de alerce, unha especie protexida e con altísimas calidades madeireiras.

A elevada deforestación tamén afectou a Gambia, África, así que o Goberno apostou por traballar coas comunidades locais, transferíndolles a propiedade dos bosques e encargándolles a súa conservación. Cada poboado establece un Comité do Bosque, formado por homes e mulleres da comunidade, que se encarga de xestionar a área forestal.

Por último, o bosque de Dong Bu é un espazo de 250 hectáreas situado en Vietnam, onde un grupo de familias recibe formación sobre métodos de cultivo e protección da contorna. Despois deste adestramento, as familias teñen dereito a usar o bosque e a terra, pero tamén están obrigadas a asinar coas autoridades un documento polo que se comprometen a coidar da zona.

Fonte: El País

## O perigo ambiental das cabichas

Segundo un estudo da Sociedade Española de Pneumoloxía e Cirurxía Torácica, do seis trillóns de cigarros que se consumen anualmente no mundo, 4,5 van parar ao medio sen control algún. En España, por cada botella de plástico que non se recicla, tíranse 18 cabichas ao chan.

Algúns cálculos estiman que as cabichas de cigarro supoñen xa o 30% do lixo mundial, por diante de plásticos e envases, e nalgúns zonas implican un risco ambiental altísimo ao ir parar a ríos ou canles que conectan directamente co mar sen ningún tipo de mediación de depuradoras.

Calcúlase que unha cabicha de cigarro contén máis de 8.000 sustancias contaminantes ou que poden reaccionar con outros compostos do medio para producir contaminantes. De feito, calcúlase que unha soa cabicha pode contaminar ata dez litros de auga.

Ademais, unha cabicha tarda entre oito e doce anos en degradarse, durante este período, irá soltando pequenas fraccións de papel, de hebras de tabaco ou do acetato de celulosa que conforma as fibras dos filtros e que poden ser inxeridas por animais mariños.

Fonte: El Diario

### Sabías que...

Os humanos xa contaminaban hai 5.600 anos? A evidencia máis antiga de contaminación atmosférica é causada pola fundición de metais nos Balcáns, onde comezou a Idade de Bronce e naceu a metalurxia a gran escala en Europa. Os metais extráense dos seus minerais a través da fundición, o cal, libera partículas microscópicas de chumbo á atmosfera, que logo son transportadas polo vento a grandes distancias ata que se asintan no chan.

## Robots, o anti malas herbas que reducirá nun 95% o uso de herbicidas

Funciona con enerxía solar, pode traballar 12 horas de forma autónoma sen intervención humana e utiliza a visión computarizada para apuntar e eliminar malas herbas de forma individualizada a medida que avanza. Podes ver neste [vídeo](#) cómo funciona.

Estes robots rocían pesticidas ás plantas que o necesitan, a diferenza das prácticas actuais que desperdician gran cantidade de produtos fitosanitarios porque se verten por todo campos. A práctica actual promove que as plantas e a maleza desenvolvan resistencia a estes produtos químicos, o que fai que estes sexan ineficaces e os agricultores deben usar máis para combatelas.

Fonte: La Vanguardia

## 22 batidas eliminarán este sábado a basuraleza de espazos naturais

A SEO/BirdLife e Ecoembes organizaron de forma conxunta a iniciativa 1m<sup>2</sup> pola natureza, que se desenvolverá en numerosas localidades de España o vindeiro sábado, día 16. En Galicia contará co apoio da Xunta co obxectivo de superar os 160 voluntarios que lograron reunir o ano pasado.

Galicia acollerá 22 batidas en distintos horarios ao longo da xornada, en contornas naturais como a praia da Madalena en Cabanas; a ría do Burgo; o paseo de Coroso en Ribeira; as marismas de Alba en Pontevedra; Seoane do Courel; o río Arenteiro no Carballiño; ou a senda de Lagares en Vigo.

Fonte: La Voz de Galicia

# Boas Prácticas

## O compromiso da Deputación co medio ambiente

Como resposta a un [artigo de opinión](#) publicado na Opinión de Coruña, o responsable político da área de Medio Ambiente da Deputación da Coruña aclarou aos lectores que estas subvencións están expresamente dirixidas a entidades que traballan polo medio ambiente e polo benestar animal. Tamén aclarou que estas subvencións non conteñen ningunha porta traseira para as sociedades de caza e pesca. Ademais de deixar patente o esforzo que o goberno provincial está a realizar para mellorar o medio ambiente nos concellos coruñeses, mencionando o Plan de Medio Ambiente, que permitiu a realización de máis de 160 obras e proxectos e o programa de limpeza de praias marítimas que apoia aos 41 concellos costeiros da provincia.

Fonte: Opinión de Coruña

## Axenda Ambiental

- 12/06/2018 – 16/06/2018 Semana da reciclaxe: Reutiliza, reduce, recicla! Madrid
- 14/06/2018 – 15/06/2018 16º Congreso Nacional da Recuperación e a Reciclaxe. Madrid
- Ata 15/06/2018 Programa Mediterráneo de Liderazgo Xove de 2018
- 16/06/2018 – Proxecto Libera. 1 m<sup>2</sup> pola natureza
- Ata 20/06/2018 – VI Premio Internacional de Ilustración Científica e da Natureza.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)